



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

NUM. 04/2016

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE DATA 31 DE MARZO DE 2016

En Soutomaior a 31 de marzo de 2016, sendo as trece horas, e previa convocatoria ó efecto reuníronse no Salón de Sesións da Casa Consistorial baixo a Presidencia de D. Agustín Reguera Ocampo, os/as Concelleiros/as D. Ramón Angel Fernández Garrido, D. Jesús Antonio Vidal Lage, D.ª M.ª Dolores Cernadas García, D.ª Cristina González Piedras, D.ª Noelia Ocampo González, D.ª Fátima Vidal Gómez, D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, D.ª María Menduiña Durán, D.ª M.ª Rosario Bouzón Martínez, D. Alejandro Pazos Míguez, D.ª Olalla Obelleiro Hermida e D.ª Verónica Montero Pérez e coa asistencia da Secretaria-Interventora, D.ª Margarita Mariño Pérez e da Adxunta a Secretaría-Intervención, D.ª Elena Reboredo Fernández, para celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación Municipal en primeira convocatoria.

Aberta a sesión pública polo Sr. Alcalde, adoptáronse os seguintes acordos:

1º.- APROBACION ACTA ANTERIOR, NUM. 03/16

Polo Sr. Alcalde, e de conformidade co sinalado no art. 91 do ROF, pregúntase ós/ás asistentes se teñen algunha matización ou aclaración que facer á acta da sesión anterior, núm. 3/16, de data 21 de marzo de 2016.

O Sr. Lourenzo Sobral di que non se reflexan as cousas relacionadas co IBI.

A devandita acta é aprobada con sete votos a favor (dos sete membros do PP) e seis abstencións (dos cinco membros do BNG e da membro do GM).

O Sr. Lourenzo Sobral pide que a Dación de Conta se retire para que a poidan estudar, sempre que non se cree un trastorno a ningún.

Se ACORDA a retirada da Orde do Día do punto 9º.- DACIÓN CONTA DA RESOLUCIÓN Nº 85/2016, "REPARO Nº 1/2016" RELATIVO Á FISCALIZACIÓN DE DIVERSAS FACTURAS (recoñecemento extraxudicial de crédito)

2º.- MOCIÓN DO BNG PARA O CUMPRIMENTO REAL E EFECTIVO DAS LINGUAS REXIONAIS E MINORIZADAS

Dáse lectura á Moción presentada polo BNG que di:

O pasado 21 de xaneiro facíase público o *4º Informe de avaliación do cumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias*, elaborado polo Comité internacional de expertos. Ao tempo, e baseadas neste informe, facíanse públicas as recomendacións do Consello de Ministros do Consello de Europa ao Estado español.

Nestas recomendacións, o Comité de expertos e o Consello de Ministros sinalan os aspectos que cómpre corrixir para o cumprimento efectivo das garantías que o Estado español e a propia Xunta de Galiza se comprometeron a cumprir ao ratificar a Carta en 2001,



Este concello manifesta o seu compromiso coa *Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas*, tratado internacional que garante os dereitos lingüísticos, nomeadamente en relación á lingua galega como lingua propia e oficial de Galiza e INSTA á Xunta de Galiza a:

1. Cumprir con todas as recomendacións do Consello de Ministros e do Comité de Expertos do Consello de Europa, e exixir do Estado español a aplicación real dos seus compromisos en relación coa Carta, tal e como indica o Consello de Ministros.

2. Dar os pasos necesarios para cumprir co sinalado na línea 640 do informe que afirma que o decreto 79/2010 de plurilingüismo contradí o establecido na *Carta*, e o punto 5º da resolución do Consello de Ministros, onde sinala que a introdución dunha terceira lingua no ensino non pode afectar negativamente á propia.

3. Elaborar de maneira ampla e consensuada un novo decreto para o uso do galego no ensino, que atenda aos principios de normalización lingüística, e acorde co sinalado na Carta Europea.

4. Que mentres non se elabora o novo decreto, modifique o actual derogando os artigos que poñen límites ao uso do galego nas aulas, como as porcentaxes máximas de materias a impartir en galego nos centros e a prohibición de impartir na nosa lingua as materias científico-técnicas ou matemáticas.

5. Garantir unha oferta ampla de liñas de ensino infantil en galego en todas as vilas e cidades.

A Comisión propón ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:
Aprobar a Moción presentada nos seus propios termos.

DEBATE

A Sra. Obelleiro Hermida di que presentan unha moción para o cumprimento real e efectivo da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas. A Carta Europea das linguas rexionais e minoritarias é un tratado europeo de 1992 dos estados do Consello de Europa para promover e protexer as linguas rexionais e minoritarias históricas de Europa, entre as que se atopa a nosa lingua, o galego. Na propia carta establécese que se teñen que entregar informes ao secretario xeral do Consello de Europa da política seguida ao respecto. Estes informes son examinados por un Comité de expertos que preparan un informe para o Comité de Ministros.

O Estatuto de Autonomía galego de 1981: recoñece o galego como lingua propia de Galiza e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galiza, e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos. Así mesmo, establece que os poderes públicos galegos potenciarán o emprego do galego en todos os planos de vida pública, cultural e informativa, e que disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística, sinala tamén isto mesmo, que o galego é a lingua propia de Galiza e que todos os galegos e galegas teñen o deber de coñecelo e o dereito de usalo. Tamén indica que os nenos teñen dereito a escolarizarse na súa lingua materna ou por exemplo que ao remate do ensino obrigatorio se garantirá a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais. O Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro do 2000, vai na mesma liña.

Pois ben, por segunda vez dende a chegada do actual presidente da Xunta,





CONCELLO DE SOUTOMAIOR

o Comité de Expertos da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minorizadas, instou ao Goberno da Xunta e do estado a disporen os medios para garantir o cumprimento da Carta en todos os aspectos, en especial no ámbito do ensino, sinalando pois, ao mal chamado Decreto do Plurilingüismo e as contradicións que incumpren coa Carta Europea. O informe tamén resalta o retroceso nos servizos públicos na atención en lingua galega e dificultades para empregar o galego con normalidade na nosa vida diaria, especialmente en ámbitos como a Xustiza, no sector bancario ou o sistema sanitario.

Sinala que: -Non se cumpren os acordos sobre o tratado internacional nas etapas educativas de infantil, primaria e ESO. Reducir a un terzo a presenza do galego como establece o Decreto 79/2010 entra claramente en contradición cos compromisos escollidos polas autoridades de acordo coa Carta que esixe a educación predominantemente en galego. En infantil o galego só está presente en niveis do 6,57% en cidades de máis de 50.000 habitantes. -Tamén instan ao goberno estatal e autonómico a modificar a lexislación para dar efectivo cumprimento ao uso do galego na Xustiza e na Administración. Problemas para empregar o galego nos procedementos xudiciais. Falta no programa informático. Non se contempla o coñecemento do galego no acceso á carreira xudicial. Inexistencia de impresos e documentación en galego. Os servizos da administración española non garanten servizos en galego. Recortes da Xunta que motivaron o peche dun terzo dos Servizos de Normalización nos concellos. Ou privatización de servizos. Nos medios de comunicación: animan ao goberno a impulsar un xornal impreso en galego. Problemas na sanidade pública para seren atendidos en galego. Na documentación e atención no sector bancari.

Foi o actual Presidente da Xunta, compañeiro de partido do grupo de goberno de Soutomaior o que abriu a veda contra o galego en 2010 co decretazo no ensino. É urxente que o PP modifique a súa política lingüística contraria á normalización do noso idioma.

A pesares da época na que vivimos, aínda atopamos casos:

-unha mestra de música nunha escola de Primeiro Ciclo á que non lle permiten empregar o galego coas crianzas.

-que o TSXG elimine o galego como lingua propia e oficial de Lugo (elimina rotulación en galego de oficinas e despachos, sinalización viaria, dereito a sermos atendidos en galego...)

.-Que se lle diga a unha nena nun centro hípico (Casas Novas) que se explica mal por falar en galego ou outras frases como: "yo si te hablo en castellano tu obligación es hablarme en castellano".

- crianzas que entran na escola falando galego e nun mes xa falan en castelán.

.-O baixo número de sentenzas na nosa lingua.

Queremos que o goberno cumpra cos compromisos colectivos e internacionais sobre a lingua e que garanta a posibilidade de vivirmos en galego. O Decreto do plurilingüismo é un decreto contra o galego, un esperpento xurídico e unha ofensa a nosa dignidade como pobo. Como dicía Manuel María no poema A Fala: "Renunciar ao idioma/ é ser mudo e morrer./ Precisamos a lingua/ se queremos vencer!.

Queremos que a Xunta recoñeza a situación de desigualdade e desequilibrio do galego, e garantir o dereito a vivir en galego sen discriminación polo seu uso.

A Sra. Montero Pérez di que está a favor.



A Sra. Vidal Gómez di que o informe felicita ao Estado Español porque a situación “mellorou considerablemente”, e entre os aspectos positivos destaca en Galicia, o notable incremento do uso do galego nas actividades culturais.

Respecto ao segundo punto da moción, referente ao ensino, o modelo da CELRM é a inmersión lingüística. Ese modelo non é o de Galicia e iso é o que di o informe, pero non di que o noso sexa malo.

A Lei de normalización lingüística (1983) ademais, impide expresamente a separación de nenos por razón da lingua que falen.

O decreto 79/2010 axústase á Lei, superou 8 sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), a do Tribunal Supremo e o recurso presentado pola RAG ao Tribunal Constitucional non foi admitido a trámite. Datos publicados do 2014 polo Instituto Galego de Estatística, di que se produciu un incremento no número de persoas que din ter un grado alto de coñecemento oral e escrito do galego e case a totalidade da poboación afirma entender esta lingua. Estes datos sitúan a lingua nunha posición de clara vantaxe con respecto ás outras linguas europeas avaliadas polo Comité de expertos da CELRM. A partir deste informe, o Consello de Ministros do Consello de Europa fai 6 recomendacións e entre elas podemos resaltar a de “continuar a garantir que a oferta de educación trilingüe non afecta negativamente á protección e promoción das linguas minoritarias”. Iso é porque xa estamos garantindo a protección da lingua galega. Respecto á modificación da fixación de materias, fíxose precisamente para impulsar a lingua galega nas materias que manexan máis léxico e si se poden impartir materias científico-técnicas. O ensino do galego en infantil nas cidades xa está garantido pola adquisición de competencias ao 50% segundo todos os datos que manexa a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Por todo isto o noso sentido do voto é en contra.

O Sr. Lourenzo Sobral di que hai cuestións obxectivas. O galego non é unha lingua minoritaria senón minorizada, hai moita diferenza entre ambas cousas. Procede a leer partes do informe do Consello de Europa que, na súa opinión, contradicen o que dixo a Sra. Vidal Gómez. No propio informe citado, o último a primeiros de ano, se critica a falta de colaboración do goberno galego. Eles estarían totalmente de acordo, si fora posible, que existira a mesma regulación para o galego e o castelán. Non entende como poden non estar de acordo coa Mocion. A Unesco recomenda a inmersión lingüística en galego. É unha lingua que está perdendo falantes a paso de xigantes e iso ten responsables. Por cada euro que se invirte na defensa da lingua galega se invirten 200 para promocionar o español. Hai un Informe do Instituto Galego de Estatística no que se di que se o galego deixa de ser o idioma habitual da maioría da poboación de Galicia, tamén se está perdendo en Soutomaior, só aumenta en 8 concellos.

O Sr. Alcalde di que por eles non vai quedar, seguirán falando galego e castelán cando faga falta. Van votar en contra polo tema do Decreto e por que están contentos co tema do trilingüismo. Defenden o galego como calquera outro partido e no Concello se usa sempre que se pode, coas excepcións de cando hai que enviar algo fóra da autonomía.

O Sr. Lorenzo Sobral di que están de acordo con que este Concello está tradicionalmente vinculado ó galego. Pero lamentablemente o goberno non continúa con esa tradición. Hai que distinguir entre: actitude e uso. Eles tamén queren que se introduza o inglés no ensino. Pero non se está aplicando o Decreto en relación con isto.



VOTACIÓN

Con sete votos en contra (dos sete membros do grupo político do PP) e seis votos a favor (dos cinco membros presentes do grupo político do BNG e da membro do GM), o Pleno do Concello adopta o seguinte acordo:

Desestimar a Moción presentada.

3º.- MOCIÓN DO BNG PARA REALIZAR ACTIVIDADES QUE PROMOVAN O COÑECEMENTO DA OBRA E DO COMPROMISIO DE ROSALÍA DE CASTRO, A COMEZAR POLA SÚA DEFENSA DO GALEGO

Dáse lectura á Moción presentada polo BNG que di:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 24 de febreiro de 2016 cúmprense 179 anos do nacemento de Rosalía de Castro, un día e un mes en que é preciso traballar, como o resto do ano mais de xeito máis intenso e planificado, para difundir unha obra e un pensamento con forte vixencia na actualidade e que pode coadxuvar a recuperar o orgullo de quen somos e o recoñecemento da nosa lingua como expresión xenuína do pobo galego lembremos que estamos a falar dunha escritora radical culta feminista e comprometida co noso país coas súas clases populares e cos sinais de identidade da Galiza, entre os que se conta o galego, hoxe especialmente ameazado.

Rosalía de Castro é non só a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas senón a que marcou o camiño a seguir ao iniciar o proceso de recuperación de usos do galego co obxectivo de lle devolver a dignidade de que fora desposuído. A publicación do seu libro Cantares Galegos, o primeiro escrito integramente no noso idioma, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento. A recuperación literaria e lingüística da Galiza ten unha enorme débeda coa súa obra, que marca a ruptura da marxinalidade do galego e desafia a sociedade do seu tempo a través dun discurso de defensa da terra, da súa xente e dunha lingua que merece continuar a ser transmitida de xeración en xeración e ser utilizada en todos os ámbitos para contribuír, desde a súa especificidade, ao saber universal que tamén posúe a obra rosaliana.

Nuns tempos en que os datos obxectivos indican un alarmante descenso no uso do galego, a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas, pois nos seus textos achamos procedementos e argumentos para fomentar a utilización da nosa lingua, achegarse á nosa idiosincrasia e comprender a nosa identidade cultural. Cómpre, pois, aproveitar a reivindicación desta data para estendela a un mes de febreiro de firme e inequívoco compromiso co idioma, sumando todos os esforzos posíbeis para continuar o camiño por ela iniciado para o galego se converter na lingua en que expresarmos todos os nosos sentimentos e emocións, en que desenvolvemos toda a nosa actividade profesional, en que achegamos a nosa contribución á cultura universal. por todo isto, e seguindo as directrices dunha convocatoria xa consolidada pola Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG), propoñemos ao Pleno Municipal deste concello, tras declarar, o 24 de febreiro Día de Rosalía, os seguintes acordos:





CONCELLO DE SOUTOMAIOR

1. Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen a veciñanza do noso concello ao longo do mes de febreiro. Entre estas actividades, xulgamos de interese promover, cando menos, as seguintes accións:

a) Pendurar nos balcóns das casas e das institucións bandeiras galegas, pancartas con versos de Rosalía debuxados, procurar espazos para realizar graffitis, murais...

b) Realizar lecturas públicas da obra rosaliana en lugares destacados do concello en que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.

c) Desenvolver unha serie de actividades para promover o coñecemento de actualizacións da obra rosaliana a través da música, o teatro, a literatura ou a danza, así como seminarios, mesas redondas e/ou conferencias sobre a súa obra e figura.

Apoiar todas as iniciativas mobilizacións que se desenvolvan ao longo do mes de febreiro para reivindicar o futuro do noso idioma e a activación de medidas a prol do seu uso en todos os ámbitos.

Solicitar da Xunta de Galiza unha mudanza na política lingüística desenvolvida até o momento, retomar o consenso e promover, nun prazo máximo de seis meses, mudanzas legislativas substanciais guiadas pola activación de políticas lingüísticas a prol do galego.

A Comisión propón ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:
Aprobar a Moción presentada nos seus propios termos.

DEBATE

O Sr. Alcalde propón que se chegue a un acordo entre este punto é o seguinte.

A Sra. Cernadas García propón que no apartado 1.a) poña: pendurar na Casa do Concello e na Casa da Cultura de Arcade. No punto 2: eliminar a palabra mobilización.

O Sr. Lourenzo Sobral cree que non estarían sendo xustos porque o ano pasado se aprobou unha Moción neses mesmos termos, aínda que non se cumpriu. Tratan de ter todo o afán construtivo do mundo. Hai un descoñecemento tremendo da obra de Rosalía. Moita pena porque o ano pasado aprobouse unha Moción como esta pero non se levou a cabo nada. Este último mes de febreiro non se fixo practicamente nada. Pon o exemplo de cómo se refire a Rosalía a web do Concello. Este Concello foi un dos primeiros en ter unha rúa có nome de Rosalía. Insta a que teñan un pouco máis de cariño e rigor por esas cousas, cando se fala de persoas como esta.

VOTACIÓN

Con sete abstencións (dos sete membros do grupo político do PP) e seis votos a favor (dos cinco membros do grupo político do BNG e da membro do GM), o Pleno do Concello adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción nos seus propios termos.

4º.- MOCIÓN DO PP PARA PROMOVER E DIFUNDIR A OBRA DE ROSALÍA DE CASTRO

Dáse lectura á Moción presentada polo PP que di:



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A escritora Rosalía de Castro é unha das máis representativas da literatura galega e unha firme defensora do noso idioma.

O 24 de febreiro deste ano 2016 cúmprese 179 anos do seu nacemento e dende o Concello de Soutomaior queremos sumarnos ás accións de promoción e difusión da súa obra que están levando a cabo dende a Asociación de Escritores e Escritoras en lingua galega.

Por este motivo, propoñemos ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

- Declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía no noso Concello.

- Apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto de veciños e veciñas do noso Concello o 24 de febreiro, data recollida oficialmente pola Consellería de Cultura no su Calendario do Libro e da Lectura.

- Realizar a través do Club de lectura que se leva a cabo na Biblioteca Municipal, unha lectura da obra rosaliana.

A Comisión propón ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada nos seus propios termos.

DEBATE

A Sra. Cernadas García di que a proposta foi remitida pola Asociación de escritores en lingua galega.

O Sr. Lourenzo Sobral di que non poden menos que apoiar estas medidas. Se presentou unha imaxe de Rosalía que non tiña nada que ver coa Rosalía real. As Mocións presentáronse antes do 24 de febreiro e non se fixo nada.

VOTACIÓN

Por unanimidade dos trece membros da Corporación, o Pleno do Concello adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada nos seus propios termos.

5º.- MOCIÓN DO BNG POLA IGUALDADE DE CONDICIÓNNS NO EMPREGO FEMININO

Dáse lectura da Moción presentada polo BNG que di:

Van xa 159 anos desde que aquel 8 de marzo de 1857 un grupo de obreiras textís saíse á rúa en Nova York para protestar polas súas condicións laborais. Hoxe en día, esta data reivindica e simboliza a loita incansábel das mulleres do mundo na defensa dos seus dereitos laborais e a defensa da igualdade.

Neste marzo de 2016 a realidade continúa a evidenciar que a crise agravou a situación de desigualdade e precariedade das mulleres. Diante do discurso falaz da igualdade conseguida diferentes estudos, informes e enquisas recollen datos sobre a crecente situación de precariedade laboral e traballo vulnerábel que viven as mulleres galegas. A fenda salarial segue a ser unha realidade aínda por combater diante da que as institucións non interpoñen medidas. Ademais, son as mulleres quen lideran as estatísticas de emprego temporal e parcial. No que atinxe ao traballo non remunerado, as desigualdades no reparto das responsabilidades repercuten negativamente sobre as mulleres que tamén sofren a sobrecarga derivada da redución do apoio ás necesidades de coidados.





CONCELLO DE SOUTOMAIOR

As políticas austericidas do PP frearon a posta en marcha de medidas de igualdade, tanto no referido á lexislación como á realización de programas concretos. Por exemplo, a paralización da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galiza. Con esta inacción o goberno da Xunta incumpre o seu compromiso de integrar a dimensión de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, cumprindo co seguimento das políticas e accións sobre as que existen competencias en relación ao acceso ao emprego, desenvolvendo políticas de integración e apostando pola igualdade real no ámbito laboral. A falta de vontade política é tal que continuamos a agardar pola posta en marcha de políticas tan necesarias e reclamadas social e politicamente como medidas que melloren o emprego feminino.

Diante disto, é obriga para os concellos, a institución máis achegada á veciñanza, comprometerse na presións ás institucións directamente responsábeis de poñer en marcha políticas que revertan a desigualdade laboral das mulleres.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguintes **ACORDOS**

1º Instar ao goberno da Xunta de Galiza a dar cumprimento ao artigo 37 da Lei do traballo en igualdade das mulleres de Galiza e elaborar un Plan galego de emprego feminino que inclúa, entre outras medidas, axudas específicas para a creación de empresas femininas de mulleres con especial atención ás mulleres mozas e ás de máis de 45 anos e a creación dunha Renda de Inserción Laboral para mulleres desempregadas de máis de 50 anos, cunha vida laboral igual ou superior a 30 anos de cotización e que tivesen esgotado as prestacións.

2º Instar ao goberno da Xunta a elaborar un Plan de corresponsabilidade que inclúa actuacións para facilitar a conciliación da vida persoal e familiar conforme a lexislación vixente.

A Comisión propón ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:
Aprobar a Moción presentada nos seus propios termos.

DEBATE

A Sra. Menduíña Durán explica a Moción.

A Sra. González Piedras di que sería ilóxico que todas as medidas impulsadoras do emprego feminino non foran apoiadas dende aquí. Dende a Xunta de Galicia se siguen impulsando medidas a favor da inserción laboral das mulleres e da conciliación da vida persoal e familiar, e esta é unha das prioridades nos distintos programas de incentivos á contratación, así como nos programas de fomento das entidades de economía social, ou en programas formativos, con medidas como: Axudas ás Pemes; Plan galego de política familiar 2016-2020; Posta en marcha do Programa de axuda á natalidade (bono concilia, bono coidado); Programa EMEGA (fomento do emprendimento feminino). Van apoiar a Moción porque todas as medidas que se poidan adoptar son boas.

O Sr. Lourenzo Sobral di que con respecto a algunha política da Xunta que se refire, eles cando presentan unha Moción tratan de reflexar a realidade de obxectivos, e a situación da muller ofrece uns datos terribles no ámbito laboral por exemplo, aquí en Galicia. Realidade estrutural, situación real e efectiva.



VOTACIÓN

Por unanimidade dos trece membros da Corporación, o Pleno do Concello adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada nos seus propios termos.

6º.- PLAN MUNICIPAL DE VOLUNTARIADO

Examínase a proposta da Técnica de Xuventude-Formadora Xuvenil relativa á actualización e aprobación do Plan Municipal de Voluntariado 2012-2014, aprobado en 31 de maio de 2012, que tiña previsto unha temporalización de dous anos polo que é preciso revisar o texto actual coa finalidade de adaptar o plan temporalmente á realidade actual do municipio nesta materia.

A Comisión propón ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a actualización do Plan Municipal de Voluntariado proposto pola Técnica de xuventude-Formadora Xuvenil do Concello, modificando o seguinte:

1º QUE se modifique na páxina 2 o texto que di “O Plan Municipal de Voluntariado do Concello de Soutomaior preténdese integrarse dentro do III Plan Galego de Voluntariado (PGV) 2011-2014 que se regula no capítulo III, desde o artigo 28 e 29 da Lei 10/2011, de 28 de novembro, de Acción Voluntaria de Galicia, onde se fala dos instrumentos de planificación da acción voluntaria.”

Quedando do seguinte xeito: “O Plan Municipal de Voluntariado do Concello de Soutomaior enmárcase dentro dos Plans Galegos de Voluntariado da Xunta de Galicia, na actualidade en vigor o III Plan Galego de Voluntariado (PGV) 2011-2014 que se regula no capítulo III, desde o artigo 28 a 29 da Lei 10/2011, de 28 de novembro, de Acción Voluntaria de Galicia, onde se fala dos instrumentos de planificación da acción voluntaria.”

2º QUE se modifique na páxina 25 no regulamento interno do Plan Municipal de Voluntariado no CAPITULO X.- TEMPORALIZACIÓN o Artigo 26 onde se di “O Plan para ser eficaz debe ter continuidade tanto na súa esencia básica como na continuidade dos seus programas. Polo tanto, desenvolveranse ao longo de dous anos consecutivos, dende o ano 2012 ata o ano 2014.”

Quedando do seguinte xeito: “O Plan para ser eficaz debe ter continuidade tanto na súa esencia básica como na continuidade dos seus programas. Polo tanto, desenvolverase temporalmente dende o momento da súa aprobación ata que sexa necesaria a súa modificación total ou parcial. A aplicación do Plan xa constitúe unha revisión constante do mesmo, polo que, cando se considere necesaria alguna modificación ou cambio propóranse e procederase a súa aprobación.”

3º.- Que se incorpore no apartado 2 de Lexislación a Lei 45/2015, de 14 de outubro, de Voluntariado, publicada no BOE de 15 de outubro de 2015. .Con este texto preténdese:

- Mellorar a situación dos voluntarios, dotarlles dunha seguridade xurídica e laboral e facilitarlles o seu labor.



- Entre as medidas que impulsa, está a creación dun permiso para que o persoal sanitario participe en proxectos de cooperación e emerxencias sanitarias.
- Establece ademais novos ámbitos de voluntariado: social, internacional de cooperación ao desenvolvemento, ambiental, cultural, deportivo, de lecer e tempo libre, comunitario e de protección civil, que é o que xorde por mor dunha emerxencia ou unha catástrofe natural.
- A norma, á parte de fixar os dereitos e deberes das persoas voluntarias e dos destinatarios da súa actividade, fixa uns límites para persoas condenadas en delitos contra menores ou contra os dereitos da muller, pois non poderán integrarse en proxectos dirixidos a estes colectivos. Ademais, ampliáanse os supostos de limitación ao tráfico ilegal de persoas

DEBATE

A Sra. Ocampo González explica a actualización do Plan de Voluntariado.

O Sr. Lourenzo Sobral di que estiveron falando cos responsables disto en outros Concellos. Como non estaban cando se aprobou no 2012, estivo estudando e hai moitas cousas que non lles parece ben. Tamén di que hai outros sitios onde o voluntariado funciona moito mellor. O Plan ten eivas importantes. Critica o organigrama. Vanse abster porque é claramente mellorable. Póñense a disposición do Concello para mellora-lo e mellorar tamén o voluntariado en si mesmo.

O Sr. Alcalde di que non lle importa nada cambiar o organigrama e por a Comisión Informativa. Propón mellorar o Plan.

VOTACIÓN

Con sete votos a favor (dos sete membros do grupo político do PP) e seis abstencións (dos cinco membros do grupo político do BNG e da membro do GM), o Pleno do Concello adopta o seguinte acordo:

Aprobar o Ditame devandito nos seus propios termos.

7º.- APROBACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA NO CONCELLO DE SOUTOMAIOR

Dáse lectura ó Ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior e Persoal, que di:

Polos membros da Comisión examínase o “Ordenanza reguladora da administración electrónica no Concello de Soutomaior”.

Consta no expediente informe da Secretaria-interventora.

A Comisión propón ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o “Ordenanza reguladora da administración electrónica no Concello de Soutomaior”.

2º.- Someter a información pública o devandito regulamento mediante a publicación no BOP, no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, durante un prazo de trinta días, para presentación de reclamacións e suxerencias. De non producirse estas alegacións o Regulamento considerarase aprobado definitivamente.



DEBATE

O Sr. Lourenzo Sobral di que a ordenanza obedece a unha obriga legal. Non van a entrar en cuestións técnicas. O problema é a xestión que se faga con ela. Vanse abster porque deixa moita marxe de aplicación.

O Sr. Alcalde di que hai que aproba-la.

VOTACIÓN

Con sete votos a favor (dos sete membros do grupo político do PP) e seis abstencións (dos cinco membros do grupo político do BNG e da membro do GM), o Pleno do Concello adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o “Ordenanza reguladora da administración electrónica no Concello de Soutomaior”.

2º.- Someter a información pública o devandito regulamento mediante a publicación no BOP, no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, durante un prazo de trinta días, para presentación de reclamacións e suxerencias. De non producirse estas alegacións o Regulamento considerarase aprobado definitivamente.

8º.- DACIÓN CONTA E RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN Nº 054/16 (rexistro xeral de facturas)

Dáse lectura ó Ditame da Comisión especial de Contas e Facenda, que di:

Dáse conta da Resolución da Alcaldía nº 054/16, de data 29 de febreiro de 2016, seguinte:

ASUNTO: Rexistro Xeral de Facturas do Concello de Soutomaior

Ante a imposibilidade de conectar o novo Rexistro Xeral do Concello (espublico.Gestiona) có programa de contabilidade do noso Concello (ABSIS)

RESOLVO

1.- Crear un “Rexistro Xeral de Facturas” coincidente co Rexistro Contable de Facturas, sendo o único Punto Xeral de Entrada e Saídas de Facturas, tanto en papel como electrónicas.


2.- Calquera factura ou documento xustificativo emitido por terceiros que se emitan a nome do Concello se presentarán nas dependencia de Intervención para proceder a su rexistro no Rexistro Xeral de Facturas con carácter previo a súa remisión ao órgano responsable da obriga económica, con excepción das facturas que foron atendidas mediante mandamento de pago a xustificar ou un anticipo de caixa fixa.

3.- A anotación en dito Rexistro produce o inicio do cómputo do prazo de pago, de conformidade co disposto polo artigo 4 da Lei 3/2004 pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. A recepción da factura por medios electrónicos producirá os efectos de inicio do cómputo del prazo do pago, sempre que encóntrese garantida a identidade e autenticidade do asinante, a integridade da factura e a recepción polo interesado.

4.- O Rexistro Xeral de Facturas realizará as seguintes funcións:

a) A recepción de facturas emitidos en “papel” polos contratistas, así como da documentación que poda completalas.

b) A entrega ao interesado do xustificante no que figurará a data en que se produxo a recepción das facturas, que terá o valor de recibo de





CONCELLO DE SOUTOMAIOR

presentación a efectos do disposto no artigo 200 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

c) A recepción e anotación das facturas ou documentos xustificativos que podan ser presentadas “en formato electrónico” a través da plataforma de facturación electrónica.

No caso que as facturas electrónicas remitidas non se aporten as certificacións de obra e demais documentos xustificativos, estes deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello.

5.- A anotación dos correspondentes asentos de saída relativos as facturas rexistradas, neste caso se adoptarán as medidas correspondentes para garantir a constancia documental da comunicación da devolución

6.- O Rexistro Xeral de Facturas deberá respetar, en todo caso, o disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

7.- Habilitase ao Sr. Alcalde a ditar cantas Instrucións precise para desenrolo e interpretación da factura electrónica .

8.- Dito rexistro se aplicará dende o 01/01/2016

9.- Dar conta ao Pleno da Corporación da presente resolución na primeira sesión que este celebre, para a súa ratificación.

A Comisión propón ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Ratificar a Resolución da Alcaldía nº 54/16.

DEBATE

O Sr. Fernández Garrido di que é a creación dun rexistro adaptado ó réxime xeral contable.

O Sr. Lourenzo Sobral di que van votar en contra porque lles parece que vai a entorpecer á hora de fiscalizar as facturas.

O Sr. Fernández Garrido di é posible que nun tempo se poidan xuntar os dous sistemas.

VOTACIÓN

Con sete votos a favor (dos sete membros do grupo político do PP) e cinco votos en contra (dos cinco membros do grupo político do BNG) e unha abstención (da membro do GM), o Pleno do Concello adopta o seguinte acordo:

Ratificar a Resolución da Alcaldía nº 54/16.

9º.- DACIÓN CONTA DA RESOLUCIÓN Nº 85/2016, “REPARO Nº 1/2016” RELATIVO Á FISCALIZACIÓN DE DIVERSAS FACTURAS (recoñecemento extraxudicial de crédito)

O Sr. Alcalde di que son facturas do ano 2015 pero que os propios interesados as truxeron no ano 2016. Son 8 facturas por un importe de 2.000 €. Non queda máis remedio que facelo así.

O Sr. Lourenzo Sobral di que entende a causa pero a administración debe instar a que as persoas que teñen que entregar a factura o fagan no prazo.

Por unanimidade dos trece membros da Corporación, o Pleno do Concello adopta o seguinte acordo:



Retirar este punto da Orde do Día para que os concelleiros/as teñan tempo de examinalo.

10º.- INFORMES SR. ALCALDE

- **Resolucións:** De acordo có establecido no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 1986, O Sr. Alcalde da conta, sucintamente, das resolucións adoptadas dende o 29 de xaneiro de 2016 ó 29 de marzo de 2016 (núms. 019/16 a 093/16).

11º.- ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Lourenzo Sobral realiza as seguintes preguntas:

1º.- Lavadoiro en Romariz, con valor histórico e etnográfico, levántase unha parede de ladrillo. A que se debe?.

Resposta Sr. Alcalde: Se puxo a parede porque vai ser tratado todo na súa integridade. É un dos lavadoiros que se vai a restaurar.

O Sr. Lourenzo Sobral di que se intente solucionar o máis brevemente, a imaxe é terrible.

2º.- Acceso á biblioteca. Hai moitas queixas porque non se pode acceder, debería ter facilidades e que non implique desigualdades.

Resposta do Sr. Alcalde: se levaron xa fai anos diversas empresas e ningunha lles deu solución. Agora van ir uns técnicos a ver a Biblioteca para intentar solucionar a cuestión.

O Sr. Lourenzo Sobral di que hai anos nun Pleno se propuxo mercar o local comercial que está debaixo. É un tema que non é novo. Instan unha vez máis a que se resolva.

3º.- Falta de contenedores en Cortellas. Debería haber unha illa completa de reciclaxe por barrio.

Resposta Sr. Fernández Garrido: Di que está prevista unha illa cerca do cruceiro.

4º.- Respecto ó horario da oficina de VIAQUA, non tiveron resposta e xa o preguntaron hai tempo. Discriminatorio para os veciños.

Resposta Sr. Alcalde: Di que se falou coa concesionaria e enviou unha serie de motivos nos que lles din que os usuarios teñen distintas posibilidades para contactar. Non é suficiente. O contrato remata a finais deste ano. No prego non está claro que teñan que abrir a oficina cun horario.

5º.- Badéns: Segue habendo, aínda non se eliminaron algúns, e nos casos que se retiraron queda a estrada en estado calamitoso.

6º.- Cada vez hai menos lugares para colocar carteis, o cal é bo, pero queren pedir que se coloquen taboleiros para informar en tódolos barrios. Así se podería informar á veciñanza de todos os eventos que poida haber e que estean a disposición de todo o mundo.

Resposta do Sr. Alcalde: Púxose algún.

A Sra. Bouzón di que se usan para esquelas.

O Sr. Alcalde di que pódese poñer o que se queira.

O Sr. Lourenzo Sobral di que está regulado en moitos Concellos e en xeral, con éxito. Debe haber máis.





CONCELLO DE SOUTOMAIOR

7º.- Oficina de turismo: O falaron noutro Pleno e deron razóns lóxicas e coherentes para que se valorase a ubicación da oficina en outro sitio, máis cómodo de atopar. Se lles dixo que se estaba estudando.

Resposta do Sr. Alcalde: Di que non teñen a decisión tomada.

8º.- Situación do Goberno Local en relación do Plan de Compostaxe.

Resposta do Sr. Alcalde: Di que dependen da Diputación, van ás reunións ás que son convocados. Non queren empezar ata que a Deputación dé as instrucións.

8º.- Camiño de Santiago: xa se dixo noutro Pleno, hai partes do Camiño que están en condicións indignas. Segue estando igual que estaba e agora empeza de novo a tempada. Dará unha imaxe penosa do Concello. Teñen pensado facer algo nese sentido?. Tamén en relación con outros camiños de cara o verán.

Resposta do Sr. Alcalde: Di que, como todos os anos, o camiño portugués límpase sempre e o mesmo se fará cos outros. Xa está limpo, hai un lugar que está un pouco deteriorado e se arranxará proximamente. E casi todo urbano e asfaltado.

9º.- Estamos outra vez sen o policía local? O 3º?

Resposta do Sr. Alcalde: Si, contratarase un auxiliar en canto se aprobe o orzamento.

O Sr. Lourenzo Sobral di que non se pode estar con 2 policía municipais, e xa levan así anos. Queren deixar constancia de que lles parece absolutamente insuficiente o número de policía que hai e non entenden que non só non se incrementen senon que se perden.

10º.- Falta un pivote no Colexio de Santiago, xa o dixeron.

Resposta do Sr. Alcalde: Deuse conta á Xunta, haberá que insistir ou arranxar algo que non lles corresponde.

E non habendo outros asuntos de que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión sendo as catorce horas e cincuenta e tres minutos do mesmo día, do que eu, Secretaria, certifico.

ACTA DO PLENO
Número: 2016-0004 Data: 29/06/2016

